

Asemblea informativa de Directores/as diante da situación xerada polo inquérito

Onte enviamos un CIG-Inforna denunciando a actitude da Consellaria con todo o que ten que ver coa enquisa para reducir a presenza do galego no ensino. Ante as novas instrucións enviadas por correo electrónico queremos informar do seguinte.

1. Ante calquera información ou instrución sobre o procedemento de consulta, debe pedirse que se notifique formalmente, mediante unha resolución administrativa . P.ex., ante o correo electrónico indicando que “se deben prohibir as accións a favor ou en contra da consulta”, habería que responder pedindo que a instrución sexa notificada formalmente (indicando o órgano administrativo, a data, a sinatura, os recursos que caben, etc.).
2. O punto anterior non implica que o profesorado ou o equipo de normalización poida dar información completa e veraz sobre o procedemento de consulta e a situación da lingua galega. Isto non supón “facer campaña” por ningunha das opcións e forma parte das liberdades de expresión e de cátedra. Non deixa de ser paradoxal que a Consellaría emita esta consigna cando ela é a primeira en cuestionar o Decreto vixente, malia que a súa legalidade foi confirmada polo propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.
3. O artigo 87.e) do Regulamento orgánico dos IES atribúe aos coordinadores dos equipos de normalización lingüística, entre outras, a función de: “Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa cultura galega”.
4. As direccións deberían consultar á inspección sobre o procedemento de elaboración de listados de alumnado para a consulta, mostrando a súa preocupación polo incumprimento da Lei orgánica de protección de datos e sobre as consecuencias que isto pode ter para as propias direccións. Achegaremos proximamente un escrito-tipo para presentar á Administración.

**Para unha información totalmente actualizada visita a nosa páxina web:
www.cig-ensino.com**

ASEMBLEA DE EQUIPOS DIRECTIVOS E PROFESORADO
sábado ás 11:00 horas. No IES Xelmirez 1 (Campus Sur-Santiago de Compostela)